

**MEMORIA ECONÓMICA DO ANO 2013 DO MÁSTER UNIVERSITARIO  
EN AVOGACÍA**

O crédito dispoñible para o ano 2013 ascendeu a 2.500 euros.

Este crédito, en cantidade de 957,8 Euros, dentro do concepto Conferencia e gastos conferenciante, empregouse para cubrir parte dos gastos da conferencia de apertura do Máster a cargo do Prof. Dr. Víctor Moreno Catena. Outra parte dos gastos deste conferenciante foi cuberta polo ICAO.

En concepto de publicidade e propaganda gastáronse 1173,70 Euros. O material publicitario concretase en dípticos do Máster en Galego e en Castelán, cartaces, un roller, paraugas en cantidade de 20 con publicidade de Máster e en *pendrives*, polo mesmo número, tamén con publicidade do Máster. Este material foi facturado pola empresa Ofiteca.

Finalmente, 369 Euros foron empregados en material de oficina, todo material funxible (folios, bolígrafos, arquivadores, etc.) destinado a cubrir as necesidades que poidan xurdir durante o curso do coordinador, secretaria e profesorado do Máster. Este material foi tramitado coa empresa Depot, coa que a UVigo ten contratada provisión de material de oficina.

As dietas por desprazamentos de profesores da UVigo adscritos a outros campus con docencia no Máster en Avogacía do Campus de Ourense son cubertas directamente pola Vicerreitoría de organización Académica, Titulacións e Profesorado, polo que non van contra o orzamento do Máster.

Ourense, 27 de febreiro de 2014

Visto e Prace

Asdo. Virxilio Rodríguez Vázquez  
(Coordinadora)

Asdo. Marta Fernández Prieto  
(Secretaria)